

## **RESUMO INFORMATIVO DA REUNIÓN DA XUNTA DE PERSOAL CO REITOR DO 19/09/2017**

O reitor sinala que o xerente se atopa en bo estado, aínda que terá un tempo mínimo de baixa de tres meses.

O presidente da Xunta de Persoal maniféstalle a necesidade de nomear un interlocutor entre a Universidade e o órgano de representación das traballadoras e traballadores ata que se reincorpore o xerente co fin de evitar o colapso dos temas pendentes o que o reitor está de acordo.

Sobre os puntos da convocatoria:

### **Oferta de Emprego Público:**

A Xunta de Persoal reitera a posición maioritaria de que as Ofertas Públicas de Emprego deberían contemplar exclusivamente, prazas de postos base.

O reitor confirma que a Consellería de Facenda autorizou a proposta de OPE 2017 que lle foi remitida pola UDC e informa de que levarase para a súa aprobación ao vindeiro Consello de Goberno.

Con respecto as prazas de auxiliar de servizo catalogados en grupos distintos (OPE 2015 como E-AP e proposta OPE 2017 como C2) pregúntaselle ao reitor, se finalmente saíran como grupo C2, o reitor descoñece as xestións realizadas polo xerente neste tema.

### **Convocatoria de oposicións:**

O reitor coñece as circunstancias derivadas da acumulación de Ofertas de Emprego e comprométese a que, nun prazo dun mes, a convocatoria e temarios estean entregados á Xunta de Persoal para a súa avaliación.

### **Convocatoria de Promocións:**

O reitor comprométese a que, antes de fin de ano estea publicada a convocatoria, iso esixe que os temarios da parte específica estean acordados, como máximo, a principios de decembro.

### **Conciliación - acción social:**

O reitor manifesta que, neste punto, é imprescindible que as negociacións rematen coa presenza do xerente, pero tamén sinala que se pode adiantar o traballo coa persoa que se nomee para substituílo. A Xunta de Persoal acepta esta opción e sinala a urxencia de constituír o grupo de traballo acordado.

### **Roupa de traballo**

A Xunta de Persoal sinala que a falta de convocatoria por parte da universidade, tivo como efecto que na adxudicación só se aceptasen 31 solicitudes, denegándose 36 por presentar a solicitude fóra de prazo. Requírese a convocatoria anual para coñecemento das traballadoras e traballadores. Solicítase que, dadas as circunstancias, se realice unha convocatoria extraordinaria.

O reitor falará coa xefa do Servizo de Retribucións , Seg. Social e Acción Social para ver a posibilidade de realizar esta convocatoria.

### **Incremento salarial**

O reitor comunica que, por falta de tempo, o incremento contemplábase na nómina do mes de outubro, debido a que a Xunta aínda non enviou a cantidade necesaria para afrontar o pagamento, a universidade adiantará o diñeiro.

### **Outros asuntos tratados:**

**Concurso.** A Xunta de persoal queixase de que o proceso do concurso vai moi atrasado, xa que dende a constitución do tribunal, en xullo, non se volveron a reunir

Tendo en conta que este é o xeito normal de cubrir os postos, este retraso vai creando situacións difíciles de resolver.

A Xunta de Persoal instou á universidade a que tome as medidas oportunas para acelerar o proceso (lembramos que o anterior concurso foi resolto en seis meses)

**Modificación das bases da convocatoria do concurso de traslados.** A Xunta de Persoal recalca que nas conversas realizadas co xerente, despois da modificación unilateral das bases, manifestouse o desacordo coa decisión adoptada,

- primeiro, ao considerar que a modificación realizada requiría un novo prazo de inscrición
- segundo que non se entende que, no suposto caso de que na Asesoría Xurídica, se entendese que se debía atender o recurso realizado, de ningún xeito se debía cambiar o baremo.

O reitor indica que non é necesario abrir un novo período segundo o informe de Asesoría Xurídica.

A Xunta de Persoal solicita o informe realizado pola Asesoría Xurídica.

**Axilización dos procesos de promocións.** A Xunta de Persoal indícalle ao reitor que non se entende que algunha convocatoria na que se publicaron as cualificacións definitivas no mes de maio, a día de hoxe non estean rematadas.

Cada promoción é un proceso independente que comeza e remata, non depende en ningún caso do resto das promocións.

O reitor indica que pola parte institucional non existe paralización.

**Residencia universitaria:** A Xunta de Persoal pregunta cando estará habilitada para permitir o intercambio de vacacións.

O reitor sinala que no primeiro trimestre do ano 2018 contan con que estea preparada para meter o mobiliario.